



TESTOSTERONA CRÍTICAS

50 | XORNAL DE GALICIA |

VENRES, 13 DE FEBREIRO DE 2009

CULTURA

SAÍNDOLA TRINCHEIRA

A compañía galega asume a filosofía "queer" e cuestiona a división actual do xénero. "Por que ten que haber dous bandos?" pregunta Xesús Ron



Natalia Outeiro 'Pajarito', á esquerda, e Patricia de Lorenzo, caracterizadas para a obra

Xogando co xénero 'Testosterona', a nova obra de Chévere

Tras anos espallando a súa creatividade, a compañía de Xesús Ron e Miguel de Lira estrea na Sala Nasa de Santiago un traballo no que dúas actrices interpretan a homes e no que se fala dunha identidade sexual flexible

TEATRO

A. Losada A CORUÑA
arturo.losada@xornaldegalicia.com

No ser humano, o xénero é unha cuestión social á par que biolóxica. Naceuse con ou sen cromosoma Y, pero os comportamentos, os gustos e as formas de ser apréndense moi cedo na infancia e poden desaprenderse. Baixo esta premisa, a compañía teatral Chévere estrou onte a súa última obra de teatro, *Testosterona*, na que Natalia Outeiro *Pajarito* e Patricia de Lorenzo convértense en Tito e Fran, dous amigos que acaban de montar un grupiño de punk.

Tal exercicio de travestismo repercute na historia e preséntalle aos espectadores "un convite para reflexionar sobre a construción do xénero, que é moi semellante á que fai un actor para afacerse á súa personaxe", comenta Xesús Ron, que fai as veces de director nesta obra que, como adoitan ser todas as de Chévere, ten unha autoría colectiva.

De feito, o proxecto *Testosterona* comezou en xullo de 2008, como unha reflexión de Outeiro e De Lorenzo, que as levou a traballar coa voz, a caracterización e a busca das súas identidades masculinas. Da súa experiencia xurdiu a idea de facer por toda Galicia uns obradoiros adicados á mulleres, que pasaban polo

OBRADOIRO 'SER HOME POR UN DÍA'

A obra *Testosterona* non tería sido o mesmo sen a experiencia recollida nos obradoiros *Ser home por un día*, nos que as dúas actrices Natalia Outeiro e Patricia de Lorenzo e a maquiadora Estefanía Bello compartiron a súa experiencia no *travestismo* con outras mulleres, para acadar unha experiencia colectiva de emancipación de xénero. Alí, nun ton de humor filosófico, as participantes tiñan que "construír o seu propio pene" enchendo un preservativo con distintos materiais, pasaban a disfrazarse de homes e a reflexionar en conxunto sobre

como percibían as actitudes e os xestos do xénero masculino, para pasar a imitalas. O toque final era coller todo o grupo e, coa maquiaxe completa, dirixirse a algún lugar marcadamente "de homes" –un bar, nos mais dos casos– para por en práctica o seu novo rol de "macho esaxerado". En canto os que non pertencían ao obradoiro dábanse conta dos disfraces, a situación variaba da incomodidade ao divertimento. Estes encontros comezaron a celebrarse nos últimos meses de 2008 en distintas vilas galegas –Carballo, Ponteceso, Monforte, Sober, Porriño, As

Pontes, Gondomar e Dodro– con tan bos resultados que Xesús Ron asegura que manterán no futuro. Por eles pasaron dende xente directamente vencellada ao teatro ata mulleres de 70 anos provintes do rural, que tiñan por vez primeira un preservativo nas mans ao "construír o seu pene". En xeral, Xesús Ron comenta a dispoñibilidade para experimentar e a "apertura de miras" das participantes. Na súa opinión, "nestes tempos nos que un non pode confiar en que os políticos fagan nada", a única forma de lograr cambios sociais e variando as actitudes individuais.

mesmo proceso ca elas e descubrían como se constrúe o xénero. E, a súa vez, das ideas alí aprendidas naceu esta obra de teatro.

"Recollemos elementos da filosofía queer, moi ligada ao mundo de lesbianas, gais, transxuais e bisexuais, e indagamos sobre a creación dunhas identidades de xénero flexibles, invitamos a ser insumidos coas actitudes que a sociedade marca para cada sexo e a descubrir que podemos adoptar a que máis nos

convenha", segundo explica Xesús Ron. A idea que move este espectáculo é que non hai porque aliñarse nin co bando das mulleres, nin co dos homes en canto a estilo e comportamentos, senón que "hai que preguntarse se ten sentido que haxa dous bandos aínda".

O REGRESO Á SALA NASAS

Tras cinco anos sen estrear en Santiago, Chévere volve con *Testosterona* ao local que viu nacer á com-

pañía, a Sala Nasa, na que actuaron onte e na que alternarán funcións ata o vindeiro 1 de marzo.

Porén, neste tempo non estiveron ociosos, nin moito menos. Fixeron a serie de televisión *Pepe*, o inglés, logo entraron no innovador e polémico proxecto A Cultura Circula, estiveron a investigar nos territorios do teatro científico (*SOS Planeta Terra*, *Immoescena*) e prepararon a produción dunha longametraxe (*Crebinsky*, o filme). ■